

Examinado o informe proposta elaborado polo Servizo de Recursos Humanos con data 24/07/2024 e que literalmente transcrito di:

“Informe proposta

No BOP número 134 de data 12//07/2024 publícase o Anuncio das bases reguladoras e a convocatoria para a selección de persoal funcionario interino no servizo municipal de deportes do Concello de Ferrol, Escala da Administración Especial, Subescala Técnica, Técnico/a de Deportes, Clase Técnico Medio, Grupo A, Subgrupo A2, ao abeiro da execución do programa temporal F0106/2024 da Deputación Provincial da Coruña.

No punto 5 das bases establece que “As instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo dirixiranse ó Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Ferrol, presentándose preferentemente de xeito telemático, se ben serán admitidas aquelas realizadas nas formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, no prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria e destas bases no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña. Os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos só a través do taboleiro de anuncios do Concello e da páxina web municipal.

O prazo de presentación de solicitudes rematou o día 19/07/2024.

Unha vez revisada e comprobada polo servizo de Recursos Humanos a documentación achegada polas persoas solicitantes procedeuse a elaborar a listaxe de admitidos/as e excluídos/as. Segundo dispón a base 7ª da convocatoria - admisión dos/das aspirantes-, "De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a lista de admitidos".

Polo exposto propónse a concelleira delegada da Área de Facenda, Patrimonio, Recursos Humanos e Estatística en uso da delegación conferida por acordo da Xunta de Goberno Local de data 11/12/2023 (BOP núm. 241 do 20/12/2023) a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas para participar no proceso selectivo para a selección de persoal funcionario interino no servizo municipal de deportes do Concello de Ferrol, Escala da Administración Especial, Subescala Técnica, Técnico/a de Deportes, Clase Técnico Medio, Grupo A, Subgrupo A2, que son as que de seguido se reflicten:

RELACION DE PERSOAS ADMITIDAS

RELACION DE SOLICITANTES ADMITIDOS PROCESO SELECTIVO TECNICO DE DEPORTES		
APELIDOS E NOME	DNI	CELGA
DE DIOS RIVAS, ROBERTO	***2065**	SI
LOPEZ LORENZO, MIGUEL ANGEL	***8151**	SI
SUAREZ SANTAMARIA, PABLO	***2920**	SI

Segundo.- O Tribunal Cualificador deste proceso de selección estará composto pola seguintes persoas:

Presidente/a:

Titular: Hortensio David Míguez Fuentes, xefe do servizo de Recursos Humanos e Emprego

Suplente: José Carlos Campos López, xefe de sección de Recursos Humanos.

Secretario/a:

Titular: Paula María Vázquez Carrasco, oficial maior do Concello de Ferrol

Suplente: Joaquín Martínez Cubero, xefe do servizo de Cultura, Educación e Deportes do Concello de Ferrol.

Vogais:

Titular: Estefanía Gómez García, xefa de sección de Promoción Cultural e Turística do Concello de Ferrol

Suplente: Carmen Casal Fraga, xefa de servizo de Facenda e Patrimonio do Concello de Ferrol.



*Titular: Laura González López, xefa de sección de Benestar social, Igualdade e Xuventude.
Suplente: Beatriz Bouza Pico, xefa de servizo de Medio Ambiente, Zona Rural, Servizos e Obras
Titular: Iria Buján Vázquez, xefa de sección de Contratación do Concello de Ferrol.
Suplente: Efrén Pernas Fernández, xefe do Servizo de Urbanismo do Concello de Ferrol.*

Como asesora do tribunal noméase a Cristina Muñiz Lamadrid, coordinadora de actividades deportivas.

Terceiro.- *Fixar a data de comezo do proceso selectivo que será o **vindeiro día 29 de xullo de 2024 ás 12:00 horas** na sala de reunións deste Concello.*

Non obstante, vostede resolverá."

Examinada así mesmo a documentación que acompaña ao expediente;

Decreto.- Vista a proposta apróboa nos seus propios termos.

Así o manda e asina, en uso da delegación conferida polo acordo da Xunta de Goberno Local do 11/12/2023, publicada no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña nº241 do 20/12/2023, a concelleira delegada titular da Área de Facenda, Patrimonio, Recursos Humanos e Estatística na Casa do Concello de Ferrol o día que figura na sinatura dixital.

Dou fe,
A Oficial Maior como titular do órgano de apoio
á XGL